

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

# DA ÁRBORE Á CADEI RA

A MADEIRA  
E AS SÚAS  
ARTES

XORNADAS  
ACADÉMICAS

7, 8 E 9 DE  
XUÑO 2017

MUSEO  
CENTRO  
GAIÁS

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)

# Xornadas Académicas 'Da árbore á cadeira'.

## A organización dunha exposición co deseño como liña argumental.

Museo Centro Gaiás | 7, 8 e 9 de xuño 2017

Número de horas: 22 horas.



Dirixido a : estudantes de graos, máster, doutoramento de Historia da Arte, Arquitectura, Estudos Formativos de Deseño, Xestión Culturales e sectores implicados no deseño de mobiliario, profesionais, biólogos, etc.

Outorgarase un recoñecemento de dez horas para os alumnos do programa de doutorado en Historia, Xeografía e Historia da Arte da USC

Prezo: 25€. Á venda no Museo Centro Gaiás e [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)  
Desconto do 20% para Club Gaiás, Xubilados, Desempregados, Discapacitados, Familias numerosas, carné universitario e carné xove. Á venda no Museo Centro Gaiás, puntos físicos Ataquilla e no teléfono 902 504 500.

A Cidade da Cultura pon en marcha do 7 ao 9 de xuño as Xornadas Académicas Da árbore á cadeira, tres días nos que reflexionar e difundir a xestión cultural nun marco como o Museo Centro Gaiás ao tempo que se pon en valor o deseño do moble como un campo con grande potencial na área expositiva.

A elección do tema dunha mostra, a concepción do proxecto, como se conforma un equipo de comisariado e de coordinación expositiva: as fases de execución, o deseño, a montaxe... constitúen o primeiro eixe temático destas xornadas. De forma paralela, as Xornadas Académicas 'Da árbore á cadeira' reflexionarán ao redor do deseño contemporáneo, especialmente do mobiliario en madeira, dando voz a todos os sectores da madeira e o deseño para que poidan achegar o seu punto de vista. Por iso, unha segunda parte das xornadas estará centrada nas peculiaridades do mundo do deseño de mobiliario e da arquitectura en Galicia, adentrándonos nun sector no que están implicados deseño, artesanía, industria e comercio.

Arquitectos, biólogos, profesores universitarios e dunha escola de formación, deseñadores, artesáns, xestores culturais e directores de programación e empresarios serán os encargados de impartir as charlas didácticas destas Xornadas Académicas.



## PROGRAMA

### 7 DE XUÑO

10:15–13:45 h | **Da Árbore á cadeira: o proxecto.** Dedicado á orixe e desenvolvemento do proxecto expositivo (orixe, idea, concepto, deseño e montaxe)

10:15 | **Da árbore á cadeira. Proxecto, deseño, montaxe e catálogo.** Carlos Seoane González. Arquitecto e profesor na ETSAC da Coruña. Universidade da Coruña. Presidente da Fundación Compostela Arquitectura.

10:45 | **Da árbore: a súa plasmación no espazo expositivo (concepto do bosque, árbores senlleiras, fósiles...).** Alfonso Bar Blanco. Biólogo e consultor ambiental. Director da empresa Antega (Análisis Territoriais Galega S.L).

11:30 | **A memoria do bosque levada ao museo.** Roxelio Pérez Moreira. Biólogo. Profesor universitario no Campus de Lugo. Universidade de Santiago.

12:15 | Pausa Café.

12:45 | **A Xestión integral do proxecto expositivo 'Da árbore á cadeira'.** María Pereira Otero. Directora do Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

13:15–13:45 | **Mesa redonda sobre o proxecto.** Participan: Carlos Seoane, Alfonso Bar, Soledad Bugallo Chouciño (arquitecta e paisaxista, asesora do proxecto expositivo) e Óscar Fuertes Dopico (arquitecto e doutor pola Universidade da Coruña. Asesor do proxecto expositivo).

Modera: María Pereira

16:15–19:45 | **Da árbore á cadeira: os pioneiros do deseño de mobiliario en Galicia.**

16:15–17:30 | **Os pioneiros do deseño de mobiliario en Galicia.** Alfonso Bar. Biólogo e fillo do arquitecto Xosé Bar Boo. Juan de la Sota. Fotógrafo e artista e fillo de Alejandro de la Sota. Xosé Díaz. Deseñador gráfico e fillo de Isaac Díaz Pardo.

17:30–18:30 | **Mesa redonda sobre os pioneiros do deseño de mobiliario en Galicia e a súa inclusión no proxecto expositivo.** Interven: Alfonso Bar, Juan de la Sota e Xosé Díaz.

Moderan: Carlos Seoane e María Pereira.

18:30–19:45 | Visita libre á exposición

### 8 DE XUÑO

10:15 – 13:45 | **O deseño de mobiliario en Galicia**

10:15 | **A experiencia de Tomás Alonso Design Studio.** Tomás Alonso. Deseñador. Tomas Alonso Design Studio. Deseñador internacional con estudo en Londres.

11:00 | **A historia do mobiliario en Galicia. Hai unha tradición?** Luis Gil Pita e Cristina Nieto Peñamaría. Undoredro. Arquitectos.

11:45–12:15 | Pausa Café.

12:15–13:00 | **Deseño: un lugar de experimentación.** Domohomo. Elena López e Xulio Turnes, arquitectos.

13:00–13:45 | **Da artesanía á industria.** Elías Cueto. Arquitecto e doutor pola ETSAC. Universidade da Coruña.

16:15–19:45 | **Do deseño á produción artesanal.**

16:15 | **A construción con madeira en Galicia: a tradición do seus obradoiros.** Óscar Fuertes Dopico. Arquitecto e Doutor pola Universidade da Coruña.

17:00 | **A artesanía do moble a realización de pezas únicas.** Frank Bella Buschmann. Wordworks. Artesán carpinteiro.

17:45 | **Limitacións e oportunidades na contorna do deseño.** Cenlitrosmetrocadrado. Estudo de deseño e comunicación formado por Xabier Rilo, Ricardo Tubío e Manuel del Río.

18:30-19:45 | Mesa redonda moderada por Carlos Seoane coa intervención de todos os relatores.

### 9 DE XUÑO

10:15 –14: 30 | **Madeira e moble: Formación, produción, deseño e comercialización.**

10:15 | **A situación actual do sector da madeira en Galicia vencellada aos procesos construtivos e de deseño de mobiliario.** José Manuel Iglesias Vilas, presidente do Clúster da Madeira e o Deseño en Galicia.

11:00 | **Os estudos da madeira na EASD Mestre Mateo. Pasado presente e futuro.** Óscar Aldonza, profesor da Escola de Artes e Superior de Deseño Mestre Mateo.

11:45–12:15 | Pausa Café.

12:15–13:15 | **Martínez Otero Contract: claves de integración do deseño en proxectos a nivel internacional.** Beatriz Gómez Barral. Contract Sales Manager. Martínez Otero Contract.

13:15–13:45 | Mesa redonda moderada por Carlos Seoane, na que participan todos os relatores.

17:15–19:45 | Visita guiada e comentada á exposición 'Da árbore á cadeira' polo equipo de didáctica da Fundación Cidade da Cultura.

# Xornadas Académicas 'Da árbore á cadeira'. A organización dunha exposición co deseño como liña argumental.

Museo Centro Gaiás  
7, 8 e 9 de xuño 2017  
Número de horas: 22 horas

ORGANIZAN:



XUNTA  
DE GALICIA

COLABORAN:



<sup>B</sup>Sabadell  
Fundación



CO PATROCINIO DO FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:

//ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural  
fenosa

Fundación Barrié

SabadellGallego <sup>B</sup>S

COREN

GADIS

Campo

GRUPO  
NOSA  
TERRA 21

Astillero  
BARRERAS  
VIGO

Estrella Galicia

R

MONBUS

CO APOIO DE:

